

(Dous  
mil)  
dez-  
aoto



(Dous mil) dezaoto  
Antoloxía dun ano de poesía en Galicia

ChanZo • Chan da Pólvora • 1

1ª edición, CHAN DA PÓLVORA EDITORA, decembro 2019

© Da introdución e a selección: María Xesús Nogueira

© Dos poemas: \*S AUTOR\*S

© Da edición: CHAN DA PÓLVORA EDITORA, 2019

EDICIÓN DE USO COMUNAL

Dirección editorial, Antón Lopo. Deseño gráfico, Elemental/Manuel Martínez.  
Administración, Luísa Iglesias.

Depósito Legal: C 1175-2019

ISBN: 978-84-949931-5-2

# (Dous mil) dezaoto

Antoloxía dun ano de poesía en Galicia

*María Xesús Nogueira*

Xabier Cordal

Estevo Creus

Lara Dopazo Ruibal

Estíbaliz Espinosa

Gonzalo Hermo

Carlos Lixó

Antón Lopo

María do Cebreiro

Andrea Nunes Brións / María Rosendo Priego

Pilar Pallarés

Celia Parra

Silvia Penas

Luz Pozo Garza

Xesús Rábade Paredes

Miriam Reyes

Susana Sánchez Aríns

Cesáreo Sánchez Iglesias

Xabier Xil Xardón

## Nota Limiar

Comparten as composicións reunidas neste libro a circunstancia de formaren parte de poemarios que teñen como data de publicación 2018. O que segue a esta breve nota limiar é polo tanto unha escolma da poesía publicada ao longo de doce meses que, debido á natureza cronolóxica do criterio principal de selección, terá que asumir necesariamente os desfases entre os ritmos de escritura e publicación. Tanto o número como a heteroxeneidade dos libros que viron a luz neste período fixeron difícil unha escolla que, coma tal, non é impermeábel nin ao contexto no que as obras apareceron nin tampouco á subxectividade de quen antologa.

O que aquí se presenta é unha selección de poemas de dezaioito voces ben diversas entre si tanto desde o punto de vista xeracional como estético. A diversidade esténdese tamén a un tecido editorial que mostra a convivencia entre proxectos alternativos, algúns deles emerxentes, e empresas de referencia. O feito de teren recibido algunhas obras o apoio dun premio achega matices ao mapa que estas páxinas pretenden deseñar.

En (*Dous mil*) dezaioito quíxose reflectir o regreso dalgunhas voces agardadas, como a de Xabier Cordal (*Resistencia da auga*, editado por Chan da Pólvora), Pilar Pallarés (*Tempo fósil*, obra merecedora do Premio da Crítica e do Premio Nacional de Poesía, tamén en Chan da Pólvora Editora) ou Antón Lopo (*Corpo*, gañadora do Lueiro Rei, aparecida en Xerais), e tamén doutras indiscutibelmente clásicas como a de Luz Pozo Garza (*Pazo de Tor*, en Alvarellos), Xesús Rábade Paredes (*Memoria do corpo*, en Galaxia) e Cesáreo Sánchez Iglesias (*As bolboretas de Mekong*, en Xerais).

No volume recóllense tamén textos de autoras e autores máis novos que posúen unha traxectoria a estas alturas xa consolidada. É o caso de Estevo Creus (*o lugar que non hai*, premio Eusebio Lorenzo Baleirón editado por Chan da Pólvora), María do Cebreiro (*Soños. Arquivos. Cartas*, en Xerais), Estíbaliz Espinosa (*As neuronas irmás*, Premio Afundación 2017) e Susana Sánchez Arins (*Tu contas, eu conto* e a plaquette *Carne da minha carne*, de Através e Apiario, respectivamente). A escolma recolle voces que se incorporaron máis tarde á poesía galega, algunhas delas emerxentes, outras donas xa dunha recoñecida traxectoria malia a súa xuventude. Refírome a Lara Dopazo Ruibal (*Claus e o alacrán*, premio Fiz Vergara Vilariño que publica Espiral Maior), Andrea Nunes Brións e María Rosendo Priego (*Diáspora de amor balea*, Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas de Editroial Caldeirón), Gonzalo Hermo (*Vida salvaxe*, Premio Afundación 2018), Celia Parra (*Pantallas*, en Galxia), Carlos Lixó (*As casas*, Premio Xosemaría Pérez Parallé que chega da man de Espiral Maior), Silvia Penas Estévez (*Fronteira Paraíso, da recente Urutau Editora*), Miriam Reyes (*Sardiña*, na colección visual Areal de Melide de Chan da Pólvora) e Xabier Xil Xardón (*Detéxtonos*, aparecido en Positivas).

(*Dous mil) dezaeito* reúne unha colección de textos que representan unha boa parte das tendencias da poesía galega actual: a exploración das identidades e da memoria, a reflexión sobre o lugar, a indagación na renovación de códigos, o intento de traer ao texto a experiencia da oralidade ou a reivindicación social como pano de fondo.

Alén das consideracións xeracionais e estéticas que desta escolma se poidan desprender, o libro convida tamén á lectura como un poemario colectivo que comeza coa voz de Xabier Cordal nunhas composicións que se achegan á memoria, a identidade e o abandono. En *Resistencia da auga*, o autor sitúase en escenarios de ruína nos que «hai e non

hai paraíso» para conformar un discurso no que se intúe ao lonxe unha dimensión combativa.

A universos simbólicos coñecidos regresa Estevo Creus nos poemas de *o lugar que non hai*, onde, botando man unha vez máis de imaxes sorprendentes –«unha boca dentro do ollo dun cabalo»– reflexiona sobre o lugar (que non hai), a escritura e o corpo. A unha simboloxía autónoma e de cuño propio recorre tamén Lara Dopazo nos textos de *Claus e o alacrán*, desde os que aborda motivos como a identidade e o desamparo.

Un afán de ruptura na elaboración do discurso mostran as composicións de *As neuronas irmás*, de Estíbaliz Espinosa, que levan ao extremo a renovación da linguaxe. A hibridación dos códigos poético e científico intensifica a reflexión sobre a perda que constitúe o motor do poemario. A estes textos seguen os de *A vida salvaxe*, de Gonzalo Hermo, que constrúen desde a contemplación e a reflexión unha luminosa «mística atea».

A voz máis nova da escolma, Carlos Lixó, achegan unha reescritura de novas identidades en relación coa vivencia do mundo rural. As identidades son tamén un dos fíos dos textos de *Corpo*, de Antón Lopo, escritos desde a fronteira como estado e desde unha distancia calculada que os volve imprevisíbeis. Singulares son as composicións de María do Cebreiro, procedentes de *Soños. Arquivos. Cartas*, que semellan construídas con fragmentos escriturais do cotián e que agochan lúcidas sentenzas poéticas. Con todo, a experiencia máis orixinal das recollidas nesta escolma constitúea *Diáspora de amor balea*, creado a dúas mans por Andrea Nunes Brións e María Rosendo Priego. Os poemas de *Tempo fósil*, de Pilar Pallarés, despregan un poderoso imaxinario para escribiren unha crónica íntima sobre a experiencia dunha perda que se fai visíbel a partir dunha intervención no espazo derivada do progreso.

Outra das mostras de renovación da linguaxe recollidas no



libro achégana os poemas de *Pantallas*, de Celia Parra, nos que bota man do léxico da imaxe e do algoritmo para escribir sobre a memoria e a identidade. Cunha linguaxe espida dos recursos que habitualmente emprega nos seus recitais enfróntase Silvia Penas Estévez, nos textos procedentes de *Fronteira paraíso*, a unha poetización do espazo, a marxe e tamén a identidade.

Da memoria e da reflexión sobre a vida beben os textos de Luz Pozo Garza, *Pazo de Tor*, e Xesús Rábade Paredes, *Memoria do corpo*. Unha experiencia vital relacionada co éxodo albíscase detrás do poema tomado do primeiro libro en galego de Miriam Reyes, *Sardiña*. Memoria hai tamén detrás dos textos de Cesáreo Sánchez Iglesias, que conforman unha particular *literatura de viaxes* coa historia da humanidade –en particular os conflitos bélicos en Vietnam– como tea de fondo. Pechan o voume dous textos de Susana Sánchez Arins que tratan a emigración e a escritura, e un fragmento de *Detéxtonos*, onde Xabier Xil Xardón explora unha poética da identidade que bota man de rexistros paródicos.

A pluralidade de propostas poéticas aparecidas no período escolmado atopa liñas de confluencia na reescritura da memoria (a persoal, a familiar e a histórica), na exploración da(s) identidade(s), na tematización do territorio (a paisaxe sentimental, a terra, o espazo perdido) e no traballo (meta) lingüístico. Son estes algúns dos trazos máis destacados da poesía publicada ao longo de doce meses e retratada co xogo de lentes de quen isto asina en *(Dous mil) dezaeito*.



*resistencia da auga*  
Xabier Cordal

AQUEL RELATO

que dobrabas na aula con discreción  
para un amor imposible  
vólveche ás mans

ela desprégao. Le  
que no acceso ao bosque  
unha inmensa bolboreta  
zuga con indiferenza dun torso sen vida

cada ala  
azul alén  
móvese lentamente  
dá brisa ao lugar ameno

escribes para ser amado  
é o principio do exilio

NADA CHE CONTARON, coa forma dun cisne naceras  
pero acabaches recoñecendo o mar pola ventá  
pensaches:  
enterrádeme nunha canción

permanece no centro o tempo todo  
xira sen nostalxia, que máis ten a costa ou o interior  
para ti un alalá de arrieiro na feira de santos de gontán  
flúe triste sobre copas ardidadas e hai e non hai paraíso

## a casa habitada

algunhas veces lévasme da mao  
e aparezo fascinado no banco de metro  
dalgunha das sete metrópoles  
onde un tren súbito fura o hades, ou séntome  
vinte anos na casa solitaria  
que predixera

cada poucos minutos  
coma o convoi subterráneo  
alguén respira onda o meu van

penso  
*pero que fai aquí este corpo?*

## a casa deshabitada

*non quero mancarte*  
pronuncia

ábrense e péchanse, os dous  
coma plantas carnívoras

PERO TEMOS que escoller  
co acougo e a pericia dun espectro  
de canteiro, tallar coa marra que cae con abraio  
sobre as pezas deixadas libres ao paso angosto  
chantos, penidos

o paso angosto das mans sobre as mans, a orde  
que non se pronuncia porque estivo  
no muro exento e as paredes de grosa pedra, planas  
un punto de fuga de lonxitude maior ca o antes e o despois

construílas e abandonalas, construílas e abandonalas  
nun punto de fuga o teito altísimo, inhumano, estaremos alí  
xa desprovistas de calor e escoitaremos o estrépito da súa caída  
anterior á anunciación dos seres  
todopoderosos, a osamenta maltratada polo caos  
entullo de cornas que chamaron a combate  
alfabetos ilexibles

coma unha árbore dentro do templo en ruína  
fende o chan de granito e acaba derrubando a bóveda  
que o canteiro tensara con trella de cânabo, antes e despois  
gravara a súa marca gremial en varias xeracións partidas  
de tumbas

o signo é o que abala en pé roído pola hedra, aquí estará  
o forno do pan, as peladas tibias dos cabalos, aínda o frío  
onde os lombos se alongaron para a morte, no interior  
e no exterior dos muros, construídos e abandonados  
así sobe inconsciente a soá branca dos vexetais  
canta e retorna

o río de monte  
non escoita o enchoupido gutural que alaga as furnas  
has elixir o penedo, desbastalo, puílo, pouca noticia quedará  
do amor que deu orixe á vontade, pon un sobre outro,  
un sobre outro mentres roten sen piedade as primaveras  
ha de ser novo o mundo

igual ca un astro pasará a fe e o resto dos instintos  
gardarán loito por quen escolleu a resistencia da auga  
sabendo que o muro de si había crebarse, caer  
como unha oración en lingua inmóbil se esboroa co tempo  
pías de mofo onde atardeceu e a chuvia e calman a sede  
animais derrotados, espíritos.



*o lugar que non hai*  
Estevo Creus

E NON hai ninguén ao pé.

Na paisaxe  
hai unha sorte de medidas cercanas  
e unha condena de lugares próximos.

Parece  
coma se algo faltase na posibilidade do outro  
ou que o outro fose  
nada máis  
unha suposición  
un despois  
un antes  
da viaxe.

Ás veces o ollo detense no ollo  
e desvela a ausencia  
do invisible.

Iste é o único lugar que queda

un mentres tanto

como a frase á fala

ou como a pedra  
ao lago

PERO TI cres  
que hai que volver dicilo todo  
nomealo todo

e eu simplemente penso  
nese algo aínda non contaminado  
ao que poder suxeitarse  
para non dicir.

Unha boca dentro do ollo dun cabalo  
quizais  
un nome inconcluso  
o rastro dun tic que non se dará nunca

esa ausencia dolorosa dentro do pulmón  
latexando

algo que fale tan intensamente de ti  
que permita a existencia  
de todas as memorias das especies

e o silencio

un pouco de silencio  
por favor.

Do aparecer  
nada se sabe

## a cosmogonía do engano

E DIS  
que viches a azotea  
que dela pendura o mar  
e que unha selva enorme se precipita  
xusto por detrás  
do lombo dun gato

que hai outros balcóns e outras xanelas  
e que cres que a linguaxe é o froito dunha árbore  
non moi diferente a un magnolio  
unha maceira.

E preguntas polo chan  
e a túa pregunta faime recordar  
que como antes  
tamén agora te equivocas.

Non é que mintas  
eu sei que ti tes habitado dentro dunha vaca  
e outeado cada milímetro de cada folla  
e pendurado as túas pernas do tendal  
para balancear o trigo

e os comezos

sei  
que mesmo un día  
decidiches deixar de respirar  
para saber que tiñas un corpo  
que caía  
e descubrir así  
que o teu cerebro é o pé  
e a pedra  
e todo aquilo que reside na parte máis afastada  
da túa fronte

A PALABRA que hai  
invadiuno todo coa súa forma  
e xa dá igual a tarde  
ou o neno que grita:

*este non é o lugar  
no que estás agora*

PERO HAI un mar  
si  
hai un mar  
un peirao  
unha cidade  
unha alameda  
unha palabra

e no centro  
as cabezas amoréanse  
para mirar o oco que caeu

e xa ninguén respira  
ninguén vence  
ninguén quere

incluso os nenos  
deixan de comer na súa merenda  
e só as súas cabezas  
se debuxan na herba  
apertadas  
mirando o  
precipicio

e xa ninguén corre  
nin anda  
nin espera  
coma se esquecesen algo  
como sempre ou nunca  
como quizais  
ou logo

## *Claus e o alacrán*

Lara Dopazo Ruibal

deixaremos a cidade arrasada  
cos seus peixes mortos de ollos fóra das órbitas  
e as lecturas das súas entrañas  
ao escarnio de todo o mundo.  
deitaremos os corpos cansos ás aforas da cidade  
mentres arde  
e sobre as súas cinsas cuspiremos  
para quedar cinguidas a ela para sempre.  
cos escombros faremos un vestido  
co que taparnos do lume.  
cos escombros, un pombal de insectos  
unha corte para o gando morto  
un funeral  
por cada habitante da cidade que nós propias  
asfixiamos na vertixe do tremor

na vertixe do tremor  
abrirá a terra unha fenda e  
desde o alto  
miraremos como a fenda o devora todo

na curación da casa matriz  
cicatrizan as feridas

os meus ollos de peixe

plantei dentro do corpo unha figueira  
as súas raíces son tan fortes que me atravesan

afío unha machada e golpeo  
con toda a forza do mundo  
pero esas raíces nunca rompen

só abren co lume

médrame a figueira dentro mentres o alacrán  
caza as formigas que me saen dos ollos  
cómeas coma se fosen moscas



quero ter moitos ollos antes de que me retraten  
e que nese retrato apareza a fe, aparezan a noite e o frío  
aparezan os insectos.

a beber dunha copa e dentro da copa  
o alacrán  
nadando no veneno do alacrán  
cinguidos os dous polo vidro

é tan pequeno que o confundo cos pregos dos ollos  
coas dobras que fai a pel do lado da boca  
e entre os dedos

no meu retrato quero ter moitos dedos  
e o pelo todo branco, un xesto amable  
como imaxino a vellez.

todos os mortos que sucederon o meu paso  
ao pé do retrato coma os anxos dos altares  
as almas dos retablos do purgatorio

quero ter moitos ollos e en cada ollo  
un alacrán  
que sexa sempre o mesmo alacrán  
custodiado polos insectos  
e que esvaren pola cara as bágoas.  
por cada ollo que o retrato sexa chuva

debaixo del colocar un balde  
para que non apodreza o chan de madeira  
para que non afoguen os insectos  
que caen do cadro e se retorcen no chan  
cos seus gritos xordos

quero ter moitos ollos e escoller ben  
as cores do meu retrato. o brillo da pel.  
o xénero. a exposición do corpo, tan sen roupa  
os golpes. todos

marcados en negro, a cor do sangue seco

e polo chan a roupa. as lentes. os libros. o espello  
polo chan o veneno. a comida. o sexo  
polo chan os nomes dos amantes e das amadas  
polo chan eu, na agonía dunha enfermidade silenciosa  
que non ten nome, por iso non existe

polo chan os ollos, o alacrán, os insectos, a fame  
a copa. o desexo de violentar. de transcender. a rotura  
polo chan eu, insecto inmenso, cos ollos fóra das súas órbitas  
en éxtase continua, anestesiada pola palabra basta  
que se pronuncia en voz alta ata a canseira  
e a canseira, pintando as paredes do cuarto  
a canseira abrindo a fiestra  
a canseira precipitándose ao descoñecido  
fiestra abaixo  
a canseira matando os seus fillos  
vivindo fuxida baixo a marca da mala nai  
a canseira en eterno feminino  
e os meus ollos, todos e cada un dos meus ollos  
a chorar na intermitencia e anegar as trabes da casa.  
a couza, un amor inventado. transparentes  
meus ollos  
de alacrán desproporcionado  
a supurar veneno.

o alacrán deseña unha sombra de discordia  
sobre lara e entre as laras que habitan a lara

onde vas con ese nome, sisea o alacrán  
desprazándose amodo polo peito

o fume da discordia vai baixando  
cada vez máis baixo

as formigas devóranse unhas ás outras

eu deixo de respirar e rompo  
moi amodo  
as costuras que fechan a tapa do peito.

no fondo do papel está claus  
un nome que se artella en follas secas  
en pólas pequenas. en  
palla.  
claus é un niño feble  
cun peso desmesurado.  
levo cara o fondo do papel as follas, as pólas  
a palla. carrexo cadáveres, tal  
como fan as formigas que me viven  
dentro do cranio

elas fan niño. eu  
chamo por claus tatexa, incoherente  
carente de sentido fóra das marxes da súa estrutura

paso días alí metida.  
ninguén sabe onde estou. que fago

recollo unha agulla do fondo dun charco e con ela  
tatúo as letras do seu nome. a lama  
métese dentro da pel. prodúceme infeccións.  
ás feridas veñen os insectos coma ríos  
regatos negros a se meter dentro de min  
por baixo da pel

estou tan ocupada en construírme que esquezo  
que teño un corpo. obvio  
esta dor intensa nas sens  
a falta de fame

a velocidade do corazón. a canseira

hai tempo que ningún verso me emociona  
ningunha voz.

ás veces altérame o recendo daquel perfume  
daquel corpo. pero non é, nada é  
coma antes do inverno

a estrutura de palla fondea no final do papel  
mais a ninguén lle interesa o papel.  
meto o niño nunha caixa inmensa e bótoa ao correo  
remitida a min propia

durante uns días son libre

debaixo do cranio as formigas fan unha festa  
porque claus  
respira

...as neuronas irmás...

Estíbaliz Espinosa

### Mar de ardora / Vía Láctea...

Xemelgo do ceo é o mar.

Se afundes o bastante poderías ver unha sepia escribíndote en tinta de luz.

Por que non chamala «sepia Keats»: na tumba de Keats di que escribiu o seu nome na auga.

Ai, Keats, se tiveses mergullado as mans nun cubo con *Noctiluca scintillans!*

[como Maria Salomea Słodowska mergullando a vida en uranio, rendida ao escintilar «feérico», dicía, daqueles tubos de ensaio].

Sería entón verdade. Un epitafio que resucitaría a súa propia imaxe.

Pero volvamos á tinta de luz. É o que nos interesa.

Escribir con tinta negra, escribir con tinta radiante. Hibridando o escuro co seu xade.

A natureza diríxenos cartas cremos que de amor, traducímolos ás bravas. O seu nome é sinxelo, pero agótanos. [Estrelas titilan, planetas non. O remo escórdase na auga. O índice de refracción fará que eu me quebre tamén. O ceo non é azul, bebe ondas de lonxitude do azul. Non hai pigmento azul no ollo azul; e poesía?]. E outras certezas parecidas.

Volvamos a esa simetría. Bits de luz no ceo  
bits de luz no océano.

*Milky way e milky seas.* Unha galaxia e unha ardora.  
Cae un palíndromo, un boomerang da vida dende o escuro.  
*In guirum imus nocte e consumimur igni.*  
Xiramos na noite e consúmenos o lume.  
Déixanos sen palabras a bioluminescencia, organismos  
coa química programada para falaren luz. Ou dámoslles  
a palabra? Como se a palabra fose nosa.  
Rosalía no Sar fai rimar a un vagalume [*Lampyrus noctiluca*]  
cun astro nas alturas [o planeta Venus? Sirio?]. Tinta negra  
para a tinta de luz.

Neuronas espello, ceo e monte.  
neuronas espello, océano e ceo.  
Bit. Bit. Bit. Apagamos a luz. Traducimos do escuro.

...sagas, sagaces...

Todas, todiñas en ringleira.  
As que se dan a man, calculadoras estelares en Harvard.  
Williamina, Henrietta, Antonia. Ou Cecilia.  
Harén de ninguén. Odaliscas de si.  
As que se dan un beixo  
As que se dan coa palabra  
As que se dan de conta  
E rompen filas  
E dan que pensar

\*

A asíntota pide que por favor entendamos como a  
versión xeométrica dun desexo inalcanzable. Así mellor.  
Seica as matemáticas alivian por quitarlle DRAMA ao  
asunto

\*

Agora que a miramos ao microscopio,  
a vida  
que o albiscamos no observatorio,  
o antes  
que abrazamos o cerne no CERN  
tanto ti coma min, a mesma curiosidade  
todo canto vive, helio ou cilio, mesmo o amor alén morte,  
teñen forma de neurona.

Conectan.

.....

## Da antimateria á materia

*«Se os sonhos nocturnos teñen unha función semellante aos diúrns, daquela serven en parte para preparar aos humanos para calquera posibilidade» L. Wittgenstein*

Sempre que sonho con ela, a miña amiga S.  
pregúntame se saía guapa no sonho.

No desta noite saías ti.  
E debo dicir que estabas radiante:  
o xersei azul mariño  
por riba do corazón máis grande  
cun microchip de tristeza.  
E os vaqueiros de sempre.

A túa humildade de a cotío  
a coxeira interestelar entre  
a túa cabeza chea de becketts e welles  
sobre un fémur roto que nunca che doía.  
Cores ao pastel marca Rembrandt  
nunha caixa de madeira  
tan ás escuras como neuronas humanas.  
A túa depresión: un cornizó ancestral  
que só se dá no talento  
mesmo no que non se atreve a darse.

Déchesmo todo.

Sorrías. E sorríasme a min.

Un sorriso cómplice.  
«Eh, Esti, non quero que me lembres alí.  
Xa sabes onde. Onde non podía  
verte.»  
Apareciches como un meteoro



desas noites de observación  
no monte.  
Con cara de ter durmido ben  
dicíndome ola coa man...

Grazas, subconsciente  
hipófise, euqueseioqué  
por terche traído sen pensalo á vida.

Grazas, materia gris ou materia escura  
por terche devolto da antimateria  
ao soño.

Porque claro que fun abrazarte.  
A fase REM trataba doutra cousa  
pero cativáchela ti.

Esquecín de que raio ía e fun abrazarte.  
E estabas vivo e quente  
coma o núcleo dunha célula.

Xa nunca máis malentendido,  
nin sequera malogrado.  
Só perplexo e cheo de soños  
na túa cabeza algo desproporcionada  
radiada cos complexos  
típicos do noso ADN.  
Seres introvertidos de libro  
[pero ti pasaches por desquiciado  
na idade media da neurociencia]

[aquí vai unha frase da que non son quen]  
[a miña rabia vai sen narcolépticos]

[aquí está o teu corazón xigante a me bombear:  
*Segue, María, segue lendo*]

E aprendéchesme de novo a ler.

Séguese aprendendo a ler  
e a desler  
toda a vida.

Desaprendéchesmo.

E máis aló da despedida  
abrázoches co abrazo que non foi.

[No soño non sei se saíamos guapos.

Pero mira como será que  
che sigo a falar máis aló da súa lóxica]

O soño acabou hai horas.

Cariño. Algo fixemos ben.]

Que significa ser a túa irmá? Como é aparecer de repente na túa casa, dende a mesma espiña?

A túa tristeza dáme varias veces na cabeza e ao volverme a ti xa non te vexo

[...]

Que significa ser irmáns? Lectores siameses unidos polas costas? Até onde nos leva o fento común, a rama dourada?

Por que área do cerebro se nos irmanda con algo, sóldasenos a outra vida?

Irmáns de leite, células pescadas dun río de probabilidades cunhas agullas do 3 e calcetadas nos xestos, na letra puntiaguda, nas manías. Nos iris. Nunha dobrez do pulmón rosa.

Nun pregue do fungo nuclear do encéfalo.

Dáme varias veces na cabeza. E ao volverme a ti xa non te vexo.

Que rima con irmán?

ADN, percusión e celesta.

Cromosoma en ámbar que me quere soar de algo.

Aldea abandonada antes de tempo, o lique senta na mesa ladra a corza entre tres paredes neva sen teito sobre un teléfono a vibrar

Libro de par en par pola metade



Presenza da fraga

Reparo na cadencia.  
Aquele altura compasada polo vento.

Cada nervio morre no vaivén  
vai facendo sitio a un recordo que se deixa,  
que desprega o seu volume en cada volta  
e se integra na paisaxe pouco a pouco.

Podería quedar aquí  
abrindo a ollada á diversidade das cousas  
mentres o día pasa sen nome e sen historia  
por entre a masa calma da foresta.  
Porque hoxe, aquí,  
pénsome sen lingua, sen signo, sen idioma,

baleirando os ollos de ruído,  
coa boca enxoita de palabras,

completamente  
liberado.

## Aprendizaxe

Atraveso o bosque da noite.

Aquí non hai arquitectura, non é posible a idea dun fogar.

As sombras das árbores esténdense ao meu redor  
como manchas no reflexo da lúa, abríndome paso.

Por algunha razón, non teño medo.

Soñei este momento tantas veces que os meus pés  
coñecen o camiño.

Avanzo decididamente en dirección ao salvaxe  
e podo ver

o bosque cos ollos do corzo.

Lentamente respiro ata calmarme,

ata que sinto o sangue circular dentro de min.

## A mística atea

Dixo o poeta: «É o tempo».  
O verán foi longo e é a hora  
de deixar correr o vento polos campos.  
Eu quixera escribir coma el  
crendo que hai algo que perdura no tempo, pero sei  
que a urce florece sen causa  
que o vento atravesa os campos cando remata o verán  
e que non hai ceo que o sosteña  
no seu berro de vida contra a morte.  
Penso que darei celebrado o movemento  
do aire contra a herba sen causa.  
Tamén é fermoso escribir desde aí.  
Tamén é fermoso saber despedirse.

## Todo

Georges de La Tour

Soñei por un momento que cabía neste verso  
a distancia que separa o meu corpo da candeia.  
O dedo na cera e a calor  
abrindo camiño entre a pel e a chama.  
Soñei por un momento que cabía neste verso  
o corazón, o sangue lanzado a labaradas pola vea  
como flúen os regos nas enchentes de abril,  
zume que escorrega polo toro do carballo.  
Eran no meu soño as cousas e o seu ritmo ao mesmo tempo  
mais sobre todo a distancia  
entre eu e o mundo,  
a lingua a piques de incendiarse no padal,  
o fragmento de aire que me afasta da rosa.  
Quen bota en falta o tacto da flor  
cando pode apalpar a textura dun soño?  
No meu soño cabían a flor e a floración,  
o movemento da hedra cando gabea polo freixo  
libremente, nun bosque de ribeira, por exemplo.  
E non había estrema para o astro e a luz  
porque brillaban as sombras como brilla a materia,  
orbe e ceo e nube nunha onda perfecta.  
Como darei espertado nun lugar  
onde a pel é fronteira entre o meu corpo e o vento?  
No meu soño era traspasado.  
Entraba o aire en min como aceiro de navalla na carne  
do cervo.  
Ou a cera ardendo no papo da man.  
Un corazón, unha membrana.  
A boca inflamada que se achega á lucerna.  
A hedra rubindo polo freixo sen cesar.  
Nunca poderei dicilo todo.



## Autobiografía #4

*Interésame o contexto, non os feitos*

1

Interésame o contexto, non os feitos.

Por iso lembro a infancia como unha soa cousa  
(fluída, sen contorno  
pero unha).

2

Un cuarto de madeira nunha casa de pedra.  
No teito unha bufarda.

Aquela luz transformouse. Non é xa  
o fulgor que arrastra o corpo no lume dunha febre  
senón unha calor imprecisa  
que me vai dourando a pel sen decatarme.

Tiven medo dos estados latentes. Quixen  
a calor ou o frío por completo. Fun abandonado  
nesa sorte.

3

Acredito aínda en certas cousas.  
Na luz do outono, por exemplo.  
No sol entrando pola bufarda do cuarto  
de madeira da casa de meus pais  
unha mañá de novembro en Taragoña  
en que lembro pensar:  
«A vida é tan certo como a morte».

Un galano imprevisto

que se reciben sen ansia  
e por iso se goza plenamente.

Acredito aínda en certas cousas.  
Xa non na salvación  
a través do canto ou da palabra  
pero si na luz que segue á noite.  
Si no seu asedio sobre a fenda.

Dalgunha maneira acabei por atoparme.  
O camiño non foi o que esperaba,  
pero en calquera caso pertenzo aquí,  
en calquera caso atravesesei o bosque.

*As casas*  
Carlos Lixó

enriba dun cortello  
xogando ás agachadas  
cuns nenos que apenas coñecía  
picoume unha avés  
e creceume unha mazá no pescozo  
que ficou alí para sempre

saltei do tellado e interrompín o xogo  
e corrín dous quilómetros até a casa  
para ensinarllo a miña nai  
e polo camiño só pensaba que boa historia  
para cando sexa vello  
entrar na taberna e saudar eses nenos  
e que o día que non haxa partida comenten  
oes lembrás cando saltaches so tellado do cortello aquel

que paspán  
e sentir que son un deles  
porque non o son  
porque os meus pais non naceron en Carreira  
e eu ía a un colexio privado  
porque eles só estaban xogando

os meus ollos enchéronse de caranguexos  
e nunca máis puiden ver a beleza  
na bufarda dunha casa antiga

o teu can vai morrer  
e a túa nai  
e os cascos vellos das cidades sempre foron unha farsa

## Escisión

Unha parte da escisión contempla círculos anulares  
que perforan ríos [túrbidos].  
Leveda escamacións alusivas [recordos talvez]  
e auga fértil [retén luz]

Outra escisión bascula pola boca enorme do peixe abisal,  
en profundidades onde xermolan luminescencias  
en branco peláxico [flammas].

A terceira parte é [botánica] fotosintética  
e expone en silencio orgánico.  
Gústalle que a lamban [que a espreman]  
e bebe viño da Ribeira [Portobrosmos].

Hai unha cuarta parte na escisión,  
que é a que agora escribe.

## Cum de senecture scribere

A travesía semella concluída  
e os animais que nos acompañan  
esgotados. Hai esa atmosfera  
residual nos nosos ollos que lembra  
o día despois dunha festa, pero  
é obvio que non vimos de ningunha  
celebración nin nos perseguen amantes  
fascinadas polo recendo da nosa nudez.  
Déixame descansar ata ben entrado do día.  
Non me espertes aínda que me escoites gritar.  
Non temas por min nin te preocupes  
polo insoluble. Observa a paciencia  
do meu corpo, amasándose.

### 3.

Falamos de que tal ou cal cousa é inconmensurable. O océano, por exemplo [inconmensurable]. Só os científicos [coas súas custosas e complicadas tecnoloxías] teñen a capacidade de medilo. Pero ese proceso non resulta interesante [a exactitude é só unha das continxencias da arte].

Habitualmente, a obra chéganos concluída [encerrada]. Nós podemos tomar conciencia das dificultades de execución segundo escalas de valores [parécenos grande / houbo que mobilizar un guindastre / pequena / necesitáronse lupas / laboriosa / debeulle levar anos / sinxela / ten ouro / é de plástico / repéleme / resulta demasiado mimética da realidade / só deus pode crear a imaxe e semellanza / etcétera], pero dificilmente podemos aproximarnos aos procesos de execución. Os intervalos da marea son [simultaneamente] obra en si [executada] e proceso constituínte.

[Identifican áreas concretas nun contexto amorfo e despois explóranas. / Toda exploración é o comezo do espolio].

7.

[A poesía levada na intersección]

Ritmo alfabético da mente / metamorfose de insectos /  
estrondo ao caer de versos inestables /

voz que non escoitas pero sentes ao teu lado / mordéndote.



## Aliaxe

Apertámonos no espello residual da saliva  
e sentímonos seguras,  
como se a saliva contivese substancias lenitivas  
que afastasen agoiros.  
En toda a noite non durmimos.  
Escoitamos as curuxas e inventamos  
unha sintaxe para o seu aturular solitario,  
anuncio do inverno inminente.  
Estamos collidas as dúas da man,  
nun corazón único,  
que latexa ao unísono das nosas cabezas,  
como se nos vísemos desde fóra  
e non nos recoñecésemos polos trazos da cara  
senón pola nosa mestura.

## Infancia

Es malo! [díxome sen mirarme os ollos  
e quedei mudo / lagoa seca].  
Case nada do que me conformaba  
era masa branca ou candor  
[estaba sucio].

Tardei anos en comprender  
que non falaba de min

senón do seu propio pánico.

*Soños. Arquivos. Cartas*  
María do Cebreiro

L./Mr: /M. (5)

1.

Estou deitada no chan, facendo os exercicios que a túa voz repite unha e outra vez como se mos dixeses unicamente a min, como se non houberse outros corpos nin antes nin despois do noso.

2.

Lembro a segunda vez que abandonei alguén a quen amaba. O seu corpo tamén caeu no chan.

3.

Repetín ese aceno anos despois. Se cadra son capaz de lembrar a prostración daquel corpo porque o meu tamén se abateu como un cadáver. Se cadra o primeiro corpo se prostrou ante min para que eu aprendese a caer moitos anos despois ante outro corpo.

## L. (3)

1.

Teño o medo no corpo.  
O corpo é o lugar do medo.

2.

O medo é un lugar. Non hai cofre que o garde.

3.

Un día, despois de falar contigo por teléfono, atopei unha chave enferruxada. Parecíase á chave daquel caderno no que de nena apuntaba os meus sentimentos.

No mesmo camiño, meses máis tarde, os meus pés tropezaron cun niño abandonado. Levaba uns días pensando en mudarme da casa e naquel niño crin atopar un sinal.

Atopara un sinal, pero de que?

4.

A primeira noite discutimos sobre o amor e o medo. Ti pensabas que o medo era unha emoción máis poderosa que o amor.

5.

O medo é unha fonte antiga.  
Vén do mesmo lugar do que vén o amor, do mesmo lugar do que veñen os estremecementos.

## L. (5)

1.

O corpo está cheo de camiños falsos.

«Os meus polgares son os meus ollos», dixo el.

As súas mans ás veces parecíanme moi pequenas e outras veces moi grandes, como a noite en que se espiu moi lentamente porque estaba seguro de que eu nunca tivera cerca un corpo como o seu.

O seu peito era como unha estrela.

«Como podo ter tanto medo de caer para atrás? Como podo non querer facer algo que o meu corpo precisa?»

2.

Dixo que me levaría á neve pero o inverno tardou en chegar e na primavera non parou de chover.

«De que cor son as túas sabas?»

«Se durmo soa parécense ao deserto. Con outro corpo, parecen unha tenda de campaña.»

«Na miña cama non hai neve», dixo el.

«A neve es ti», pensou ela.

Chegou a primavera e non viaxaron á montaña.

Deixaron de verse antes de que ela descubrixe os seus segredos.

## V. (2)

1.

Este é o banco en que chorei unha tarde coas mans dentro das súas porque entendín que aquilo que eu desexaba non era posible.

Cando marchamos meteu no peto do meu abrigo as sementes das que un día me falara.

Levaban anos nun caixón pero prenderon axiña.

2.

«O poema é a vida do poeta.»

3.

(Escribo porque vivo rápido. A vida medra dentro e crea relacións que volven saír á páxina, como se a páxina fose o lugar en que nacen os ríos)

4.

Ningunha muller é sexualmente libre.

5.

Reguei o liño todos os días pero ao final secou.

Había moi pouca terra para tanta semente.

## M. (9)

1.

Corrías diante de min empuxado polas regras do teu corpo longo e delgado, que non eran as do meu.

Un día, estando eu lonxe, escribíchesme unha postal sobre as parellas que paseaban de mans dadas.

Foi unha soa vez, pero entendín que iso tamén era importante para ti.

2.

Cando deixamos de andar ao mesmo tempo?

3.

O meu editor dixo: «Non é o que o teu corpo quere. É o que queres ti».

4.

Vin unha pel de serpe e comprendín que había que deixalo.  
Vin unha flor ardendo e comprendín que tiña que saltar.

5.

Podemos responder con razóns pero nunca saberemos explicar por que un día calquera amamos e outro día, case sen saber como, deixamos de amar.

6.

Todo comezou mentres alguén xogaba un partido de tenis. Parecía que non era importante, pero ao cabo esas cousas sempre importan.

No amor non hai vencedores nin vencidos.

(Iso é o que acontece cando o amor remata.)

7.

Onte quixen gravarche o son que aínda fan os paxaros  
debaixo da que un día foi a nosa fiestra.

Os paxaros tamén teñen unha cama que serve para amar e  
para protexer o que aman.

8.

Pensei con mágoa en que nun ca coñecerei o rostro de  
ningún paxaro. Por máis que observe a graza do seu voo  
e a beleza do seu canto, nunca darei sabido o que facía  
diferente o noso paxaro de calquera outro.

9.

Xa non temos un niño.

Todo o que nós eramos quedou fóra.



## *Diáspora do amor balea*

Andrea Nunes Brións / María Rosendo Priego

### O último sorvo da tua maré

quixem-te celebrar  
com estes meus peitos caídos  
e as maos roxas cheias de argila

mas perdim o calendario  
e escapache

agora só sei que é dia  
porque me urge o sexo  
umha outra invocaçom cara ao desfrute  
porque me acorda do sono algum trasgo do além

de onde as ruas ainda se nomeiam com bambu  
e pelos de cabra  
nom há alfabetos  
mas sempre traços

como já nom entendo de tempos ordinários  
celebro-te nesta lua de orvalho  
e vou-me húmida cara à noite  
enchoupada e urgida  
do último sorvo da tua maré

## As abelhas

gorentas-te minha menina  
na ânsia das guerrilhas  
coma quem vive longe e duvida  
do objeto da luta e do lugar

enquanto me atravessan as tuas incertezas  
eu frego a louça com sabom lagarto  
e a cozinha toda enche-se da avó  
e de noventa e dous anos  
de resistência deste lado do rio  
em Castrelo de Minho

e assim imagino-te  
meto-me no teu quotidiano  
caminho-te por essas avenidas imensas  
todas encarnadas  
na busca do mel fresco  
que che devolva un pouco do eiqui

entom chega até estas montanhas o teu eco  
minha Deusa Apoidea de abril  
abro a boca para te beijar  
e saen-me da língua  
a centos  
as abelhas

## Cetáceas

bebo dese chá que me ofreces miña querida  
como cando me ofrecías a xerfa que viña do teu ventre  
ou de calquera dos océanos que agora nos afastan

déitome no son das nosas risas case afogándose  
entre tanto mar no que mergullarse

despois... lembrás? tiñamos que arrincar o xaínzo  
que nos tapaba os camiños para chegar á casa

corredoiras que aprendín a ler após aquel verán contigo  
e onde mais unha vez gustaría de volverme a perder  
como queredría agora desnortarme entre as túas pernas

beber do teu chá e verterme  
líquida  
beber de ti meu amor  
que te abres valente  
disposta a alborecer camiños  
e raiar o tempo dos naufraxios  
o tempo da carouba en flor  
en cetáceas inmensas amor  
ou estes abismos

## Em todas as maos

agora sinto como forôm aquelas noites  
sem horas  
onde nos comíamos os corpos  
e os medos e as fronteiras  
e no bater dos nossos pulsos fazia-se o êxodo  
a onde emigrar

beleza foi descobrir no teu corpo todos os países do mundo  
e perder os mapas para que nunca chegasseo final  
beijar-te é caminhar na nosltaigia de todos os amores possíveis  
e multiplicar-nos

agora sei que poderia ir mais abaixo  
ao escuro ao lugar onde nasce o sabor da terra  
para entender a profundidade do teu significado  
ou por que o amor tem só quatro letras  
mas ocupa tanto

o que tu me ensinache libertária  
prendendo na cidade  
todos os lumes da madrugada

entrar em ti é conhecer a história  
de todas as fiadeiras deste povo  
deixar-me tecer amarela ou verde  
ou encarnada  
a quatro a catorze a vinte maos

## *Tempo fósil*

Pilar Pallarés

VARRENDO no silencio  
aínda un vento obstinado.

Voan miñatos sobre a paisaxe desmembrada.

IMOS INVENTARIANDO o que xa non existe.  
Até o cuarenta e tres  
desde o un,  
como se a palabra carrexase sementes  
(co seu brazo toco)  
e abaixo non medrase o talo obsceno dunha planta carnívora.

Fume de calada ignición  
(*surnoise*)  
alí onde comeza a levedar a materia orgánica.  
Sorrí o esqueleto da casa  
de mans dadas cos vosos esqueletos que ouvean  
con vermes obturando a voz  
como os parasitos que vos medraban de nenos na barriga  
inchada.

Agora é a terra inteira a que quere trousar  
mentres deixan de rotar os astros  
e os deuses estarrecen.

(Ayotzinapa 1)

ENUMERAR:  
apalabrar  
(pero con quién)  
a vosa volta.

(Ayotzinapa 2)

TAN LONXE non está o mar. Se fose un can, podería ventalo talvez detrás dos montes, alén do lugar que fica sepultado, onde labraron xeracións de avós.

Nos solpores pódese ouvir, ao lonxe, o tren. Mais este é un val choído. Outeiros doces que esvaecen na choiva; o lombo do Pai Xalo, que por veces semella un bispo xacente coa tiara carcomida polas brétemas; o bosque polo que avanza, arfando baixo, un mínimo regato ao que chaman río Chan.

Un terraplén monstruoso comezou a devorar as terras de Luisito, o fidalgo. Axiña ha ser o pazo un pardiñeiro. A el han ir en procura de acubillo, para pariren, as gatas. Un niño nunha ponla, entre morte e morte.

Medra aos poucos a casa, como un fungo nun terreo areoso e hostil. Nunha aba que loitou por non ser leira e é horta agora.

Xardín primeiro. Cara o *far west* do val, que sobrevoan as rapaces, un cuadrángulo onde medran flores inútiles, sostidas só pola beleza, continxencia pura. Non serven para carrexaren leite, nin auga. Non dan calor no leito, non pagan nada. *Un excedente para progresaren / noutra forma de vida.* Un soño que roubaron os pais.

Todo para durar. Tan pouco.



NON HOUBO BARCA, mais estou na morte.  
Debaixo do formigón hai terra escura,  
un tempo fósil.  
Élitros –e unha buguina que irrompeu no sono  
(non podes respirar).  
Para algures as horas esvararan,  
lonxe das miñas búsolas.  
Tentamos esticar os brazos,  
xogar os xoellos.  
Máscara mortuoria que se fende  
cando quere sorrir  
(por lembrar como era).

1

Aquí o non-tempo (para a non-vida).  
Egresados da infancia,  
sen relatos.  
Torpe aprendiz de adulto,  
soterras para min un fragmento de louza  
no que un cazador persegue unha gacela,  
pero non sei xogar so,  
non sei soldar os días.

2

Aquí botar raíces,  
onde as plantas arnais?  
Só a punta dunha eixada que tronzou  
na arca do tesouro  
e que non garda a terra.

.../...

3

Soñan con fundar os pais,  
obraren cando a casa  
outra forma de vida  
–nós imos xa cavando  
até depositarmos  
na ruína do pasado  
o desfuturo.

AQUÍ ESTOU, como froita caída, abismándome.  
Fechouse sobre min a pálpebra da terra  
mais aínda os sinto camiñar en desacougo,  
sen saberen que eu son o estrato máis profundo do que  
deixan,  
unha coiraza que se gasta e fende,  
un pulmón que sitían estalactitas,  
unha boca que rumia a parva escasa do tempo  
no que nada han fundar.  
Arqueoloxía breve:  
«cuncas,  
ósos»  
pelo morto de can,  
follas de limoeiro.



## *Pantallas*

Celia Parra

O único que sobreviviu á Actualización  
foi a máis caduca das especies.  
Aquela que era tacto, rexistro e memoria  
antes  
da chegada das pantallas.

O resto  
eliminouse.

A historia, un longo Canto  
escrito en papel.

A polpa do papel  
aínda nos alimenta.

## Suxeito 01000010

Sobre a herba acabada de segar,  
un mantel de cadros  
verdes e brancos.

A nena dispón a comida  
coma un catálogo de pedras preciosas.  
Poderías ser ti, cabelo crecho,  
o mesmo vestido de flores.

Entre as árbores aínda esvaran os compases  
da orquestra  
é verán nas pernas das nais  
e vermú o nome que se lle dá  
ao pretexto para o encontro.

Hai unha ledicia amarela no aire.  
Deveses por gardar esa luz  
no peto.

Sen pensalo,  
disparas.

Flash.  
Fundido a branco.  
E unha sombra que se vai.

Levantas a mirada  
e a nena está morta.  
O decorado revela as súas entrañas  
de cartón pedra.

O reflexo  
nunca che devolverá o tacto  
daquilo que transita  
ao outro lado do espello.

## *Fronteira paraíso*

Silvia Penas

A miña maceta de romeu non se ve  
desde os demais balcóns,  
os cristais están pintados con sangue  
e fechados con todas as forzas dos días  
que deberían quedarme por vivir.  
Tampouco probei a cambiala  
por un xeranio,  
violetas africanas,  
ou a rosa que cae con ira sobre o varandal.  
Por aquí non pasará xamais a primavera,  
nin a barca barca  
nin o remador,  
eu non son bonita pero quixen selo.  
A miña fealdade escoa por entre as fendas da noite  
e é ruidosa,  
a miña fealdade de ollos pequenos,  
o meu ricto contraído vagando sempre en vela.  
Atravesei todos os cumios pola súa cara oculta  
para separar os meus restos do vento.  
Cambieime mil veces por outras,  
coloqueime tamén outros labios  
para poder seguir beixando sen morder.  
Son unha muller fea de escasa estatura  
con moitos días de dó  
(a túa man posta sobre a miña noca,  
a túa man marcada nesa parede  
ás miñas costas).  
Sobrevivín ao aire  
co que axitas os teus ósos prendidos e candentes  
cos que moldeches a miña fealdade

e a memoria.  
Non lembro nada acerca da beleza,  
pero estivo unha vez aquí,  
petou na miña porta:  
abrín.

(...)

Fun unha muller bonita  
no lintel da porta,  
despois pasou o tempo.



A avoa cantaba:  
unha duas trese, unha duas trese  
cantaba sen deixar espazo para sentir  
dor en ningún sitio,  
sen tempo de ir entre as palabras  
ofrecéndolle un bocado.  
A merenda de pan con chocolate,  
a herba acabada de cortar.  
A avoa non falaba  
pero sabía contar:  
unha duas trese, unha duas trese  
(acompasadamente).  
O seu sentido do ritmo  
marcaba os meus pasos  
no camiño entre a miña mirada  
e as súas mans feridas de muller terrible.  
Por baixo da enfermidade  
o seu sexo non existe,  
aínda que teña que tapalo varias veces.  
(Eu espida na eira,  
eu espida na corte  
escapando dela e mais  
dalgunha cousa que non sei dicir.  
Naquel momento tampouco  
coñecía ningunha metáfora para refuxiarme).  
Sabía que a avoa traería a morte  
a Paraíso.  
Pan con chocolate,  
calor...  
Dous morcegos no aire  
fanme render.  
Volvo entrar:

a cama é un coitelo,  
da súa boca os sons negros e aguzados,  
o meu latexar e as portas confúndense  
ao pecharse; ese bater  
é parte desta sala  
e do seu encontro coa desolación  
e por fin entendo.  
Tiven toda a infancia para entender,  
non máis,  
pero a infancia é moito tempo  
e pouco.  
Entendo e ese entender  
ficou xa para sempre  
e nada máis  
e isto é moito tempo  
e nada máis.

*Pazo de Tor*

Descalza paso sobre as formas  
de soñadas promesas

paso a paso camiño nos días que se afastan  
da estancia dos avós que me antecede

Alma miña que arelas?

O pazo está pechado entre alciprestes  
e sombras e paxaros en exilio...

Ensoño aves incertas..

\*

Ensoño aves incertas.

Ollos abertos, mans asolagadas  
entre a lúa e a neve

Aire que me arrebatou  
Sol que alumea

Pedras que xa non saben  
o nome da inocencia

As lámpadas queimaron os aromas  
Carecen de visillos as fiestras....

Alma miña que arelas?

## Sombra leve

Que esixente quietude  
nos conmove no Pazo  
a súa mudez  
o seu misterio...

cantos anos de neve  
a temperar  
o olvido.

sombra aleve

nesta voz misteriosa  
que me fire...

vivir coa miña estirpe

escoitar esta música  
preludio matinal

que me vén revelada  
nunha memoria épica  
ou lírica.

se acaso delirada.

\*

circulan os poetas  
solitarios  
nalgúns libros sen páxinas  
–acaso palimpsestos–  
emblemas dunha glosa...

\*

emblemas dunha rosa  
na última cerimonia  
do erotismo

flor de pitiminí  
mirto italianizante

concertos transgredidos

a lei dos ascendentes  
lonxe moi lonxe  
do seu pasado bélico.

xa aludidos

*Memoria do corpo*  
Xesús Rábade Paredes

O sabor das cereixas

Subimos á cerdeira –que a ti non che deixaban–  
e cazamos ramallos para ir comendo a medias.

Acordaraste, se acaso te prenderon os rabos da nostalxia.  
Daquela prohibíanche agatuñar aos altos  
para que os ollos todos –devecidos–  
non catasen a tentación das pernas.

Baixa de aí. Non quero.

Pois logo queda. Véseche o cu todo.

Recordas ben a froita acugulada, carnosiña e lustrosa, tintadiña,  
como as túas meixelas, carne acesa,  
apetencia de afouto adolescente.  
¿Sábenche?, preguntei. Saben, dixeran.  
E aviseite: “Non pases as cagullas”.

Veste aínda cimbrado no cume da cerdeira, pinchada hogano  
(todo chega a vello) e acódeche ese río da evocación proustiana,  
chip ben cargado de todos os sentidos nos que cifras o mundo.

Vivir é comezar unha aventura no mesmo punto en que outra  
caducara,  
porque o tempo de atrás é capa que se axusta en cada medra,  
non é cousa de cambiar de pel nin de mudar camisas reptilianas  
para abolir a sombra do que fuches,  
pois tamén aproveita e nutre o vello.

A froita prohibida decanta para  
sempre  
sabor na boca e no teu fuste arbóreo,

porque o siso fabrica fantasías  
e aguza a sede –ese erotismo atávico–  
poderoso degoro que bule en todo o corpo,  
que anoa, ben trabados nun presente que dura,  
os devezos da moza  
e as carnosas cereixas estrulladas.



Sardiña  
Miriam Reyes

é importante que saibas que eu non escollín marchar  
nin recibín adestramento ningún para sobrevivir  
noutra atmosfera  
nin tampouco quixen ficar alá  
cando marchei levei posto o traxe de amianto  
e por moitos anos  
foi a miña roupa de andar por casa

[1]

non fixen o longo camiño  
de léngua á lingua

brinquei dunha pedra a outra

no miño / no meu.

[2]

Vou levarte / voute levar / levareite a un lugar seguro <sup>(1)</sup>  
onde poidas saírme pola boca  
tranquilo como unha palabra amable

(1) Lugar sen luar

## Tu contas e eu conto / Carne da miña carne

Susana Sánchez Arins

### política assistencial

os aviões passam cada dia  
polo céu da aldeia  
a sinha mercedes assinala  
a ténue linha de fumo  
cada dia

*aí vêm meu sobrinho de miami*

mamasunção em aguarda  
de quem lhe der conversa

um dia o sobrinho de miami chegou

vendeu a casa as cortes os carvalhos  
a sinha mercedes morreu acamada  
longe da aldeia cada dia  
assinalando a fenda que cruza o teito

*aí vêm meu sobrinho de miami*

## corrusco

o sabor crocante  
da primeira letra  
esfegada nas maos  
como a desviar o frio  
para indicar  
qual empada é carne  
qual bacahlau

caligrafia milha

## As bolboretas do Mekong

Cesáreo Sánchez Iglesias

Lonxe fica a desolación do tempo que foi. Hanoi  
vai e vén como de pequena vila na que cantan nenos  
na escola o Poema da Montaña. As rapazas van en bicicleta.  
A hora pasa embozada para non escurecer o rostro  
do tempo. Escribo este caderno sen datas e sei da cidade  
que non foi deshabitada luz, vivía na pel calcinada do vivido.  
A fragilidade crea quen somos. A beleza. Como entender?

Unha labrega esterca os regos descalza. No balancín  
leva o estrume da luz e a flor da sombra. Non hai tumba  
que honrar, o fillo fíxose cinza dentro do tanque T54.  
E non sei que arrecendo de flor me leva ao lonxicuo  
da vida miña. Nos patios, os froitos secan aman amar a luz,  
tenden roupas e as cores non parten, douradas.  
No grande río, sampans, pequenos e tenros, atados e galleiros.  
Nada sofre, a espada tinguiu de sangue a noite de Hoi An,  
de seda o sosego. Vén como de moi lonxe.  
Na casa, un funeral. Todos van de branco pano e fita  
na cabeza, branca. As almas doridas danse á sombra. Ábreme  
a porta a muller de preto á noite de terríbeis paxaros.

## *Detéxtonos*

Xabier Xil Xardón

Chaves non existe no meu imaxinario colectivo  
Monte Alegre e o Barroso tampouco  
e mais cando lavo as mans despois de acariñar o can  
acórdome do bacallau á moda transmontana  
e dos pastores do Barroso falando con gheada  
en Bande aprendín a dicir carrambeadoiro  
en Calvos contrabando San Paio A Boullosa  
en Monte Alegre bife de vitela  
deica nós  
Tourem/Torei Pitoes das Júnias ou  
corno de chamar polo clan Raíña Loba  
en pasando Tosende Meaus  
en seguindo camiño deica nós  
Santiago dos Mistos Rubiás deica nós  
que é noso  
o Camiño do Privilexio  
que é de nós  
porque nunca os desatamos  
deica nós,  
deica a fronteira,  
esa estrema que se escribe  
entre un paso e o seguinte:  
Couto Mixto-Ferrín-Torga ou  
Raia Seca  
porque percorre todo ao longo  
unha gabia de tempo  
sobre a que nunca chove

Ao xeito da lenda popular,  
ao xeito da columna vertebral

do inconsciente colectivo,  
seguiremos o novelo até onde o novelo nos leve.  
E o novelo describirá un espazo de interiores  
por dentro do máis interno

do Padornelo ás ruínas desta casa que se lle veu embaixo,  
pasando polo castro das Muradellas e de aí  
ao Pico dos Tres Reinos e deste  
ao Cortello dos Lobos  
ata esta casa  
(alá, no cortello, no alto dos altos todos  
alá caeu Cabra Matona  
aguilloada coa memoria das Portelas  
empalada e paseada  
retagarda!)  
de fraga en fraga  
en rebumbio descontinuo  
alongando a la  
dunha calceta interna  
e o novelo vén rubindo  
polo Tuela pozo a pozo  
deica o Cúa onda o Medulio-Casa  
entretecendo a casa deica o Navia  
e o novelo éo penedo pena  
Taramundi-nube e navalla en peto para dicir colmado  
que peneira a chuvia parecido a como a vella  
peneirou a noite da Teixeira aos Teixois,  
parecido a como o fruto do tempo humedecido  
pola terra se evapora e amolece o canto,  
a conversa, o verso, todo canto viaxa en tempo  
e mais  
xa só resta daquel tempo algodónoso  
apenas medo  
e un comboio descendente  
que non para



nin sequera ao reescribilo  
un comboio descendente  
que non para  
nin sequera ao reescribilo  
un comboio descendente  
que non para...

A continuación mostramos en exclusiva as arrepiantes  
imaxes da medium Rosalía das Poldras transmitíndonos  
unha mensaxe dos devanceiros que nos seguen pola canle  
amiga Alén TV:

SOMOS E PORTANTO DECIDIMOS,  
MALIA NON POSUÍRMOS MÁIS  
QUE PALABRAS DUN IDIOMA ÁGRAFO  
DESNACENDO EN CADA ALENTO (...)

Interrompemos a emisión porque nos comunican que hai  
novas sobre o acontecido. Conectamos co lugar do suceso,  
adiante compañeiro Daniel!

*Ola de novo, camaradas. Pois, efectivamente, cando  
comeza a raiar o día aquí, nos lugares do suceso, vimos de  
saber que o atentado foi reivindicado pola organización  
terrorista ete mediante un momunicado enviado ao xor-  
nal pro-capitalista Libertad libertad, sin ira libertad.*

*RepitoXXX  
XXX  
XXX*

FIN DA EMISIÓN